



Obradoiros co CEE Navalón: Unha aprendizaxe baseada na experiencia

Enviado por [admin0](#) [1] o Lun, 12/04/2023 - 09:15

[Curso 23_24](#) [2]

A educación non só se produce mediante a adquisición de coñecementos, senón que tamén pode (e debe) estar presente en calquera experiencia.

Iso foi o que aconteceu no López Ferreiro o 30 de novembro entre o alumnado de 5º e de 6º de primaria e o do CEE Navalón. Mediante obradoiros de carpintería, de construción, de cerámica, de restauración e de costura, o alumnado do Navalón, que actuou como persoal monitor dos talleres, amosoulle ao noso que todas e todos posuímos características, habilidades e potencialidades que nos fan únicas e únicos.

En definitiva, unha mañá de traballo baseada na socialización, no respecto, na empatía e na colaboración mutua. Pode haber mellor aprendizaxe?



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/582>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/5>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/82>